

CONCELLO MUNICIPAL DA TERCEIRA IDADE

CAPITULO I
Denominación, fins e domicilio

Artigo 1º.-Co nome de consello Municipal da Terceira Idade (C.M.T.I.) constitúese na cidade de Vilagarcía de Arousa como un Organismo de carácter consultivo, adscrito ó Excmo. Concello mediante a Concellería Municipal da Terceira Idade, e dotado de autonomía propia no seu funcionamento interno.

Artigo 2º.-O C.M.T.I. exercerá as funcións de asesoramento, información, proposta e consulta, a través da Consellería Municipal da Terceira Idade, en todas aquelas cuestións que afecten ó conxunto de persoas, o C.M.T.I. participará na xestión e execución de actividades programadas pola Delegación Municipal da Terceira Idade.

Artigo 3º.-O C.M.T.I. elaborará por propia iniciativa ou a proposta das Delegacións Municipais, os estudos ou informes acerca da situación da Terceira Idade xunto cos Técnicos correspondentes, propoñendo as solucións que estime máis convenientes.

Artigo 4º.-O C.M.T.I. terá a súa sede na Casa Consistorial, ou onde se sitúa a Delegación Municipal de Servicios adicados á Terceira Idade.

CAPITULO II

Membros

Artigo 5º.-Son membros do C.M.T.I. os centros, Asociacións e Organizacións son representación da Terceira Idade que actúen no Concello de Vilagarcía de Arousa e o soliciten mediante escrito dirixido ó Ilmo. Sr. Alcalde, no que se farán consta-los Organos directivos do Centro, Asociación ou Organización, persoas que os ocupen, así como os representantes designados para formar parte da Asamblea Xeral do C.M.T.I., con arreglo ós seguintes criterios:

*Cada Asociación con representación da Terceira Idade poderá designar ata 2 representantes no C.M.T.E.

Asimismo, as Asociacións de Veciños poderán designar ata 2 representantes cada unha de entre as persoas da Terceira Idade dos diversos Distritos Urbanos de Vilagarcía de Arousa.

Deberá designarse, por cada Asociación, Centro ou Organización, un número igual de suplentes ó de representantes titulares nomeados. Os membros do C.M.T.I. quedarán obrigados a cumprir-lo presente Regulamento.

Artigo 6º.-Causarán baixa no C.M.T.I. os membros das Entidades:

*Que voluntariamente o manifesten en escrito dirixido ó Presidente da Entidade e acompañado de certificación do acordo da mesma en tal sentido.

*Por falta de asistencia de tódolos seus representantes tres veces consecutivas á Asemblea Xeral, sen causa xustificada.

*Pola perturbación grave e reiterada do normal funcionamento do C.M.T.I.

En calquera caso requirirase proposta da Comisión Executiva, previo expediente no que haberá de darse audiencia á Entidade e requirirase acordo da maioría absoluta dos integrantes da Asemblea Xeral neste sentido.

CAPITULO III

Dereitos e deberes dos membros

Artigo 7º.-Terán dereito os membros do C.M.T.I.:

*A asistir ás reunións da Asemblea Xeral por mediación dos seus representantes previamente designados, nos termos establecidos no artigo 5º, con voz e con voto.

*A seren informados por escrito dos acordos adoptados pola Comisión Executiva e a Asemblea Xeral.

*A substituír nos casos de imposibilidade material (ausencia, enfermidade, etc.) ós representantes designados na Asemblea Xeral, previa presentación da certificación da Acta do acordo da Entidade nomeando substituto os titulares.

Artigo 8º.-Son deberes dos membros do C.M.T.I.:

*Cumprir e facer cumpri-los acordos da Asemblea Xeral e a Comisión Executiva, así como o presente Regulamento.

*Asistir ás reunións da Asemblea Xeral.

*Acepta-los cargos para os que fosen nomeados.

CAPITULO IV Dos órganos de Gobierno

Artigo 9º.-Os órganos de Gobierno do C.M.T.I. son:

*A Asemblea Xeral.

*A Comisión Executiva composta por:

- 1.-O Presidente.
- 2.-O Vicepresidente.
- 3.-O Secretario.
- 4.-O Tesoureiro.
- 5.-Vocais que poidan encabeza-las Comisións de Traballo.

Artigo 10º.-A Delegación Municipal da Terceira Idade, exercerá funcións de coordinación e conexión entre o C.M.T.I. e o Excmo. Concello, asistindo ás reunións da Asemblea Xeral e da Comisión Executiva con voz pero sen voto. As reunións dos órganos de goberno do C.M.T.I. poderá asistir, con voz e sen voto, persoal técnico de apoio, designado polo Delegado Municipal da Terceira Idade.

CAPITULO V Da Asemblea Xeral

Artigo 11º.-A Asemblea Xeral estará constituída:

*Polos representantes de cada unha das Entidades membros, con voz e voto.

*Polo Presidente ou, no seu defecto, polo Vicepresidente, que dirixirá e coordinará as intervencións, decidindo os empates con voz de calidade.

*Pola Concelleira Delegada, con voz pero sen voto.

*Polo Tesoureiro do Concello, con voz e voto.

*Poderán asistir con voz, pero sen voto, as Entidades, particulares e profesionais relacionadas coa Terceira Idade, previa invitación cursada pola Comisión Executiva.

*A metade dos representantes das Entidades que integran a Asemblea Xeral renovaranse cada 2 anos.

Artigo 12º.-As reunións da Asemblea Xeral será catro veces ó ano, nos meses de Febreiro, Maio, Setembro e Decembro, o día ou días que se fixen pola Comisión Executiva.

Quedará válidamente constituída, en primeira convocatoria, cando asistan as dúas terceiras partes dos que a integran, e en segunda convocatoria, cando non se celebrara a primeira, media hora despois desta, bastando a maioría absoluta das persoas que forman parte da mesma. En calquera caso será precisa a presenza do Presidente ou Vicepresidente e do Secretario Particular ou designado pola Asemblea no acto da súa constituición. As Asembleas podrán celebrarse nas diferentes asociacións integradas neste Consello Local.

Artigo 13º.-A Asemblea Xeral reunirse da forma extraordinaria a petición da Alcaldía, do Presidente, da Concelleira-Delegada, da Comisión Executiva, ou a solicitude da metade do número legal de persoas que a integran. Notificaranse con 48 horas de antelación as reunións da Asemblea Xeral extraordinaria, nas mesmas condicións que se expresan no artigo anterior e quedando válidamente constituída na mesma forma que a ordinaria.

Artigo 14º.-Competencias da Asemblea Xeral:

*Fixa-las liñas xerais de actuación do C.M.T.I. elaborando para iso todo tipo de normas internas que non contradigan o Regulamento.

*Propoñer ó Excmo. Concello, a través do Delegado encargado da Área de Terceira Idade, a modificación do presente Regulamento, previo acordo adoptado co voto favorable dos dous tercios dos integrantes da Asemblea Xeral.

*Aprobar anualmente un proxecto de presuposto de necesidades en relación coas actividades a desenvolver polo C.M.T.I., ordenándoas segundo a súa prioridade e elevándoo, a través da Delegación Municipal da Área de Terceira Idade, á Corporación, que procederá a súa ordenación, síntese, modificación e inclusión, en todo ó que se estime oportuno, no Presuposto Municipal.

*Elixir ó Presidente, Vicepresidente, Secretario e Tesoureiro, por maioría absoluta das persoas que integran a Asemblea Xeral.

*Aproba-la memoria anual presentada pola Comisión Executiva.

*Ordena-las liñas de actuación da Comisión Executiva, controlando a súa actividade.

Artigo 15º.-Tódolos acordos da Asemblea Xeral, agás aqueles para os que se esixa a existencia dun quorum especial, adoptaranse por maioría simple dos vocais asistentes.

Artigo 16º.-Será Secretario da Asemblea Xeral o Secretario do C.M.T.I., elixido nesta Asemblea por acordo da maioría absoluta dos seus integrantes, no meándose no seu defecto un Secretario accidental para a Asemblea na que falta o titular, co quorum que dispón o artigo 14.d).

Artigo 17º.-O Secretario levantará Acta de todo o tratado na Asemblea Xeral, sendo lida e aprobada na reunión subseguinte que esta celebre, asinádoa o Presidente, o Secretario e un cuarto dos membros asistentes.

CAPITULO VI **Da Comisión Executiva**

Artigo 18º.-Os cargos da Comisión Executiva renovaranse por metades cada dous anos, designándose os novos cargos na Asemblea Xeral Ordinaria de decembro, sendo en todo caso o tempo máximo de permanencia nun cargo o de 4 anos consecutivos.

Artigo 19º.-A Comisión Executiva reunirse cantas veces o estime conveniente por iniciativa dun tercio dos seus membros, para o cumprimento das súas funcións e necesariamente unha vez ó mes, quedando válidamente constituída coa asistencia de máis da metade do número de membros que legalmente a integran. Os acordos serán válidos polo voto da maioría simple dos asistentes. No caso de empate nas votacións, o voto do Presidente será de calidade, e no seu defecto o voto do Vicepresidente.

Artigo 20º.-Son atribucións da Comisión Executiva:

*Cumprir e facer cumprir tódolos acordos da Asemblea Xeral.

*Dictamina-los plans e programas presentados polas distintas Comisións de Traballo, a través do Secretario, remitíndoos á Asemblea Xeral para a súa aprobación definitiva.

*Elevar ó Excmo. Concello, a través da Delegación Municipal encargada da Area de Terceira Idade, as propostas aprobadas pola Asemblea Xeral, así como informar á Asemblea Xeral das partidas do Presuposto Municipal destinados ó C.M.T.I.

*Convoca-la Asemblea Xeral ordinaria e extraordinaria segundo o previsto no presente Regulamento.

*Controla-las actividades das Comisións de Traballo.

*Administra-los bens do C.M.T.I., segundo o expresado no presente Regulamento.

*Autoriza-la asistencia á Asemblea, ás Entidades ou particulares que o soliciten.

*Designa-las Comisións de Traballo que se estimen conveniente para temas concretos, así como integrantes das mesmas dictaminando os plans e programas a través do Secretario.

Artigo 21º.-As faltas que darán lugar á separación de calquera membro da Comisión Executiva son:

*As faltas inxustificadas a tres reunións consecutivas e máis de 5 no transcurso dun ano.

*Por inaptitude ou omisión no cumprimento das obrigacións ó seu cargo das tarefas asignadas expresamente pola Asemblea Xeral.

*En calquera caso, será necesario tramitar un expediente no que se dará audiencia ó interesado propoñéndose a resolución á Asemblea Xeral, que decidirá polo voto da maioría absoluta dos integrantes da mesma.

Artigo 22º.-A asistencia dos compoñentes do órgano Executivo haberá de ser persoal e intransferible.

Artigo 23º.-Son atribucións do Presidente do Consello:

*Presidir, coordinar e levanta-las reunións do Organo Executivo e da Asemblea Xeral.

*Suscribir, xunto ó Secretario, as Actas das reunións do órgano Executivo e da Asemblea Xeral.

*Representar ó C.M.T.I. ante ó Excmo. Concello e, en xeral, ante outros Organismos e Entidades.

*Elabora-las ordes do día das sesións da Asemblea Xeral e do Órgano Executivo, así como convocar éstas.

*As funcións que se lle encomendan pola Asemblea Xeral.

Artigo 24º.-O Vicepresidente do C.M.T.I, asumirá as funcións do Presidente na súa ausencia, ademais de desempeña-las tarefas concretas que se lle encomenden.

Artigo 25º.-As funcións do Secretario son:

*Confeccionar e envia-las comunicacións das convocatorias das reunións.

*Redactar e levantar Acta de Asemblea Xeral e da Comisión Executiva.

*Levar de forma actualizada o Rexistro de Entidades e as súas altas e baixas.

*Subscribi-las Actas xunto ó Presidente, tanto da Asemblea Xeral coma da Comisión Executiva.

*Confeccionar e remitir, co visto e prace do Presidente, as certificacións dos acordos e propostas.

*Todas aquelas que lle sexan encomendadas pola Asemblea Xeral.

Artigo 26º.-As atribucións concretas de cada unha das Comisións de Traballo serán fixadas pola Asemblea Xeral no momento de ratificación dos seus responsables e constará na Acta da sesión correspondente.

Artigo 27º.-As comisións de traballo terán a facultade de coordinar e establece-lo seus propio sistema de actuación, con arreglo ás funcións que lle foran encomendadas, con plena autonomía de xestión.

Artigo 28º.-Poderá pertencer ás Comisións de Traballo calquera membro da Asemblea Xeral, non podendo integrarse simultaneamente en máis dunha delas.

O non previsto no presente Regulamento estarase ó que se acorde na Asemblea Xeral.

Se se tratara de xestión urxente que non admita demora para a convocatoria daquela, haberá de solventala Comisión Executiva, dando conta á Asemblea Xeral da decisión que se adopte na primeira sesión que ésta celebre.

Vilagarcía de Arousa, a 14 de maio de 1993.